



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2017.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz Dna Olimpia Marcos García Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farias Dn. Manuel Bello Bouza Dna Cristina Cadena Freire Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Lage Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vintenove de decembro do dous mil dazasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN CORRECCIÓN ERROS ADSCRIPCIÓN POSTOS DE TRABAJO R.P.T: PROPOSTAS DO CONCELLEIRO-DELEGADO NÚMS. 4616/17, 4617/17, 4618/17 E 4645/17.

Dase conta das propostas de Adscripción dde Postos segundo a RPT núms. 4616/17, 4617/17, 4618/17 e 4645/17, que seguidamente se transcriben;

Proposta 4616/17:


Advertido erro /omisión na Proposta de Adscripción de Postos segundo a RPT relativo a **adscripción provisional o persoal laboral**, rexistrada baixo o número de rexistro xeral 3322/2017, de data 30 de agosto, sendo aprobada dita proposta no Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada con data 02 de outubro de 2017, debese de incluír:

PROPOSTA DE ADSCRIPCIÓN DE POSTOS SEGUNDO A RPT

Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 8 de marzo de 2017 a Relación de Postos de Traballo do Concello de Ares.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 62 de data 31 de marzo de 2017 o Acordo mencionado

Polo tanto unha vez definida a estrutura administrativa e de postos máis axeitada para ao concello, é preciso organizar e adaptar á mesma aos recursos humanos cos que se dispón, distribuindo o persoal existente en relación á nova estrutura organizativa, procedendo así a adscribir ao persoal aos distintos postos incorporados na RPT, de tal xeito que se pidan identificar os ocupantes dos mesmos.



Atendido o anterior, a Concellalía de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente o persoal laboral, ao posto e código que se indican.

NOME E APELIDOS	CODIGO	POSTO
Ana García González	06.00.00.03	Auxiliar Administrativo Centro 3º edad. Departamento de Servizos Sociais * Pendente de anuncio corrección de erros

Segundo.- Que as citadas adscricións terán efectos unha vez entre en vigor a RPT de conformidade có exposto no apartado Quinto do Acordo Plenario do Concello de Ares de data 8 de marzo de 2017.

Ares, 12 de decembro de 2017

O CONCELLEIRO DELEGADO DE PLANS E PERSOAL

Proposta 4617/17:

Advertido erro /omisión na Proposta de Adscricion de Postos segundo a RPT relativo a **adscricion provisional o persoal laboral subrogado Aquagest/Viaqua " Laboral Temporal "**, rexistrada baixo o número de rexistro xeral 3323/2017 ,de data 30 de agosto, sendo aprobada dita proposta no Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada con data 02 de outubro de 2017, debese de incluír:

PROPOSTA DE ADSCRICIÓN DE POSTOS SEGUNDO A RPT

Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 8 de marzo de 2017 a Relación de Postos de Traballo do Concello de Ares.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 62 de data 31 de marzo de 2017 o Acordo mencionado

Polo tanto unha vez definida a estrutura administrativa e de postos máis axeitada para ao concello, é preciso organizar e adaptar á mesma aos recursos humanos cos que se dispón, distribuindo o persoal existente en relación á nova estrutura organizativa, procedendo así a adscribir ao persoal aos distintos postos incorporados na RPT, de tal xeito que se pidan identificar os ocupantes dos mesmos

Atendido o anterior, a Concellalía de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:



**PROPOSTA DE ADSCRICIÓN DE POSTOS SEGUNDO
A RPT**

Aprobada definitivamente mediante Acorde Plenario de data 8 de marzo de 2017 a Relación de Postas de Traballo do Concello de Ares.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 62 de data 31 de marzo de 2017 o Acorde mencionado

Polo tanto unha vez definida a estrutura administrativa e de postes mais axeitada para ao concello, é preciso organizar e adaptar á mesma aos recursos humanos cos que se dispón, distribuindo o persoal existente en relación á nova estrutura organizativa, procedendo así a adscribir ao persoal aos distintos postos incorporados na RPT, de tal xeito que se pidan identificar os ocupantes dos mesmos.


Atendido o anterior, a Concellalía de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:

Primeiro.- Adscribir provisionalmente o persoal laboral subrogado Aquagest/Viaqua "Laboral Temporal INDEFINIDO NON FIXO ", ao posto e código que se indican.

NOME E APELIDOS	CODIGO	POSTO
Juan Antonio Sixto Cupeiro	05.03.00.01	Oficial Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga
Marcial Díaz González	05.03.00.02	Oficial Primera. Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga
Manuel Novoa Conde	05.03.00.03	Administrativo Departamento de Obras e Servizos Básicos-Unidade de Abastecemento de Auga

Segundo.- Que as citadas adscricións terán efectos unha vez entre en vigor a RPT de conformidade có exposto no apartado Quinto do Acorde Plenario do Concello de Ares de data 8 de marzo de 2017.

Ares, 12 de decembro de 2017
O CONCELLEIRO DELEGADO DE PLANS E PERSOAL



Proposta 4618/17:

Advertido erro /omisión na Proposta de Adscricion de Pastos segundo a RPT relativo a **adscricion definitiva do persoal funcionario**, rexistrada baixo o número de rexistro xeral 3201/2017 , de data 18 de agosto , senda aprobada dita proposta no Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada con data 02 de outubro de 2017, debese de incluír:

PROPOSTA DE ADSCRICIÓN DE POSTOS A RPT

Aprobada definitivamente mediante Acorde Plenario de data 8 de marzo de 2017 a Relación de Postas de Traballo do Concello de Ares.

Publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 62 de data 31 de marzo de 2017 o Acorde mencionado

Polo tanto unha vez definida a estrutura administrativa e de postas máis axeitada para ao concello, é preciso organizar e adaptar á mesma aos recursos humanos cos que se dispón, distribuindo o persoal existente en relación á nova estrutura organizativa, procedendo así a adscribir ao persoal aos distintos postos incorporados na RPT , de tal xeito que se pidan identificar os ocupantes dos mesmos.

Atendido o anterior, a Concellalía de Plans e Persoal fai a seguinte Proposta:

Primeiro.- Adscribir definitivamente o persoal funcionario, ao posto e código que se indican.

NOME E APELIDOS	CODIGO	POSTO
Jase Luis Castro Feijoo	06.00.00.01	Psicólogo. Departamento de Servizos Sociais

Segundo.- Que as citadas adscricións terán efectos unha vez entre en vigor a RPT de conformidade có exposto no apartado Quinto do Acordo Plenario do Concello de Ares de data 8 de marzo de 2017

Ares, 12 de decembro de 2017

O CONCELLEIRO DELEGADO DE PLANS E PERSOAL



Proposta 4645/17

Advertido erro nas Propostas de Adscricións de postos segundo a RPT, presentadas baixo os números de rexistro:

Rexistro	Data	Propost
3201	18 de agosto de	Adscribir definitivamente o persoal funcionario
3321	30 de agosto de	Adscribir definitivamente o persoal laboral
3322	30 de agosto de	Adscribir provisionalmente o persoal laboral
3323	30 de agosto de 2017	Adscribir provisionalmente o personal laboral subrogado Aquagest/Viaqua

Que ditas Propostas foron aprobadas na sesión ordinaria celebrada polo Pleno do Concello con data 02 de outubro de 2017, sendo notificadas individualmente aos traballadores do Concello.

Que o erro detectado consiste en: onde día Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 8 de marzo de 2017, debe de decir **Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 30 de xaneiro de 2017.**

Que o erro detectado non disvirtua o obxecto da Proposta efectuada

Esta concellalia en uso das atribucións que ten asumidas realiza a seguinte

PROPOSTA DE CORRECCION DE ERROS:

Que polo Pleno do Concello se tome razón do erro detectado , correxindo o mesmo, debendo de figurar como: **Aprobada definitivamente mediante Acordo Plenario de data 30 de xaneiro de 2017.**

Ares, 12 de decembro de 2017

O CONCELLEIRO DELEGADO DE PLANS E PERSOAL

Na súa virtude, sometida a votación as Propostas de Corrección de erros de Adscricións de Postos segundo a RPT núms.- 4616/17, 4617/17, 4618/17 e 4645/17 por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares), 3 en contra (3 PP) e 3 abstencións (3 BNG) acorda:

Primeiro.- Aprobado as Propostas de Corrección de erros de Adscricións de Postos segundo a RPT núms.- 4616/17, 4617/17, 4618/17 e 4645/17.

2º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dase por enterado.



3º.- MOCIÓN-PROPOSTAS:

Non hai.

Antes de entrar no turno de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola via de urxencia.

Non presentase ningunha

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr. Mesías Farías, que fai as seguintes preguntas sobre a Resolución da Alcaldía 484/17 referida a asignación dun complemento de produtividade para o persoal funcionario, fai lectura da resolución "asignación dun complemento de produtividade para o persoal funcionario que acreditou un grao de interese, iniciativa ou esforzo significativo no desempeño do seu traballo e cuxo rendemento ou resultados obtidos resultaron merecedores de tal retribucións", unha vez leída, di que é a primeira vez que ve unha resolución con eses cualificativos, explica que tamén faise constar o importe da asignación 1019,72€, e que polo tanto ten varias preguntas sobre esta asignación, a primeira por qué esa cantidade e a segunda, xa que este funcionario acreditou todo isto suponse que o resto dos traballadores non teñen grao de interese, iniciativa ou esforzo significativo no desempeño do seu traballo e polo tanto non son merecedores de tal retribución, di que o que quere dicir con isto é, que non ve xustificada este complemento por eso pide que se aclare, que eses cualificativos que pon na resolución son porque hai que poñer algunha cousa ou é unha maneira de xustificar unha suba salarial porque se pensa que o que cobra non é o que debe, estas preguntas van dirixidas ao concelleiro delegado de plans e persoal.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías explicando que hai unha serie de resolucións que é a primeira vez que veñen ao pleno da 491/17 a 496/17, referidas a contratar os servizos para redacción e proxecto de diversas obras, di que non sumou a cantidade total pero que supón que non pasaría da cantidade limite de contratos de obra menor, pregunta que porque non viñeron nunca estas resolucións e expón que solicitara por rexistro as facturas referidas a esta persoa con este tipo de contrato.

Tamén fai referencia a resolución 534/17, pago dunha factura de Gas Natural solicita que se poña a factura a nome do Concello de Ares.

Intervén o Alcalde dicindo q esa factura corresponde a Casa da Xuventude que se esta facendo a obra do CT unha vez concluída solicitaráse o cambio de titularidade da mesma.

Continúa o Sr. Mesías Farías preguntado sobre a resolución 538/17 Informe de Fiscalización do Secretario en canto a contratación dun AEDL, di que neste infome se advirte claramente dunha cousa moi importante, advírtese que os contratos teñen que ir segundo a lei e que moitas veces deixar os contratos collidos con pinzas dan lugar a que o día de mañá eses contratos sufran unha conversión en contratos indefinidos non fixos, que é unha maneira de meter pola porta de atrás pero xustificando.

Intervén o Alcalde dicindo que o contrato e fruto dunha subvención, que non ve o problema que o concello recibe unha subvención e que se contrata según a Consellería de Economía e o Pleno, xenerando un posto de traballo, pero que non se contrata pola porta de atrás.



Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que el fala do informe de fiscalización, que quere dicir concederon unha subvención se contrata non pasa nada, pero é unha maneira de contratar pola porta de atrás, o contrato pode dar lugar a unha conversión a contrato indefinido non fixo, como xa pasou con outros contratos neste concello.

Continúa o Sr. Mesías Fasías facendo referencia a casa Rectoral, explica que fai uns meses presentaron un escrito a Patrimonio e a Igrexa poñendo de manifesto unha denuncia con respecto o mal estado do tellado, según os técnicos municipais o concello non comunicou por escrito como se lle comunica ó resto dos propietarios donde se lles di se non arreglas vanche caer multas coertivas, o problema é que agora o tellado caeu moito máis e que unha viga levantou e pinzou parte do muro, co inverno que está vindo vai caer moito máis e non chega con poñer unhas vallas, por todo isto solicitan ao concello que se dirixa urxentemente a Igrexa e a Patrimonio nos mesmos termos e condicións que se dirixen aos veciños/as de Ares ao respecto de manter a seguridade e o patrimonio poñendo fin así, a algo que pode acarrear serios perigos.

Intervén a Sra. Martínez Martínez facendo referencia a Resolución 538/17 "Prórroga do contrato do AEDL", en canto ao informe de fiscalización, fai lectura do infome "faise constar a necesidade de avaliar a natureza do posto en orde a posible estruturación e no seu caso a posible modificación da RPT e proceder a incorporación do mesmo se procede", a pregunta é por qué non se incorporou este posto na RPT no seu momento se e tan necesario.

Continúa a Sra. Martínez Martínez preguntando sobre a Resolución 484/17, referida a asignación dun complemento de produtividade para o persoal funcionario, fai lectura da resolución "asignación dun complemento de produtividade para o persoal funcionario que acreditou un grao de interese, iniciativa ou esforzo significativo no desempeño do seu traballo e cuxo rendemento ou resultados obtidos resultaron merecedores de tal retribucións, importe de asignación 1019,72€", a pregunta é si o resto do persoal non son merecedores de este premio.

Con respecto a resolución 513/17 "Concesión Axuda de Emerxencia Social", faise constar as iniciais dos inquilinos non o nome apelidos e DNI, en cambio aparecen o nome e apelidos do arrendador a pregunta é porque faise constar os datos do arrendador e non os dos inquilinos, entendo que a protección de datos é para todos/as.

Con respecto a resolución 527/17 "Informe do Oficial Xefe da Policía Local, danos en viais públicos", a pregunta é como se resolveu.


Intervén o Alcalde, explicando que o di claramente a resolución ordeouse o precinto da madeira, iniciouse expediente e se lle notificou ao interesado.

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz dicindo que o infome e do día 11 de decembro e a resolución do día 14 si se precintou a madeira alí non está, a levaron.

Intervén o Alcalde explicando que no momento do precinto quedaba pouca madeira e unha vez precintada levaronna igual, que agora o que se esta facendo e tramitar un expediente sancionador.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que fai tres días que falla a luz na Avda. Federico García Expósito con Rúa San Xosé e no Porto.

Intervén o Alcalde preguntando en que zona do Porto.



Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que en todo o Porto, para ser máis exactos na Rúa Dolores, Estacas, Cmño das Pedras que quedaba unha bombilla pero que tamén averiouse.

Intervén o Sr. Mesías Farías facendo un rogo na Rúa Concepción Arenal cruce con Rúa María e perigoso por culpa de como conducen os coches, porque van bastante lanzados e no calexon pequeno non hai visibilidade, cree que se debería estudar algunha das opción para garantir a seguridade xa que por alí pasan os nenos/as que van ao colexio, o problema son os coches que veñen rectos do Mazote a Concepción Arenal, non sabe si se poderían instalar uns badenes ou calquer outra cousa.

Intervén o Alcalde respondendo as preguntas sobre a Resolución da Alcaldía 487/17, relativa a unha gratificación do persoal funcionario, di que a directora do CIM deixou pasar o prazo da subvención e ese ano non so se trataba de esa subvención, tamen de dous ou tres días de subvención complementaria. Explica que no seu momento reuniuse ca responsable da consellería e comprometeuse a solicitar esas axudas complementarias que eran de Prevención e Conciliación xa que a responsable autonómica tiña interese en incrementalas para que non fracasara a convocatoria. Di que cando chegou ao concello dou as intruccións a directora do CIM para que estas subvencións complementarias foran solicitadas, pero cal foi a súa sorpresa que non solicitara a subvención operativa eso provocou a necesidade de falar con funcionario titular da praza. Unha vez reunido co funcionario se lle explica que levamos dez anos esperando e moitos procesos de contratación para manter a praza, pero que a situación non se sostén ou se incorpora ou amortízase a praza. O funcionario incorporouse, pero encontrouse nunha situación complicada na cal non foi solicitada a subvención operativa pero tampouco as complementarias e a situación administrativa non estaba o día. Como director do CIM ten que atender a xente e facer trámites administrativos, en vez de pagarlle horas extras chegaron a un acordo, que foi pagarlle a diferenza entre o soldo que tiña é o que vai cobrar cando entre en vigor a RPT que será a partir de xaneiro, por eso o importe da resolución e de 1019,72€.

Intervén novamente respondendo as preguntas relacionadas coa Resolución de Alcaldía da 491/17 a 496/17 "contrato por redacción de proxectos", estas resolucións veñen porque os financia o POS, e todo o que financia o POS ten que vir a pleno. Se os contratos foran financiados polo concello non se faría resolución, faise o contrato, aprobase en xunta de goberno, e dase traslado a tesourería para que o pague, pero aquí a maiores faise a resolución que e o que se remite a Diputación.

Continúa o Alcalde respondendo a pregunta sobre a Resolución 534/17 en canto o tema de Fenosa da casa da Xuventude, di que o sinte moito que siga así, que parece que estáse arreglando pero que non e fácil xa que depende do CT, o adxudicatario xa non está que era Tuimil non pagou os enxeneiros e non queren acabar a obra, e agora está executando a obra Permuy, son cousas que quedan pendentes de empresas que entran en concurso.

Intervén novamente o Alcalde respondendo a pregunta sobre a prórroga de contratación do AEDL, di que xa o explicou e unha subvención que conceden e crease un posto de traballo, que logo hai subvencións correlativas que poden deribar nunha demanda, pero que non por eso hai que renunciar a subvención e non contratar a nadie, di que non lle parece razoable.

En canto a casa Rectoral, di que leva ano e medio negociando co Arzobispado a cesión, que os avances son lentos por desgracia, pero que cree que está resolto que ó único que queda pendente e o convenio, explica que xa esta aprobado pola Comisión de Patrimonio da Diocesis que xa llo



notificaron e que a casa xa está cedida ao concello, que e unha cuestión complicada as cousas no Arzobispado non se tramitan coa celeridade que quixeramos pero teóricamente está todo aprobado. Existen numerosos escritos de D. Antonio interesándose pola cesión e as contestacións son favorables, temos a notificación verbal, esixiuse que mandaran a documentación pero aínda non a mandaron polo tanto o concello non pode facerse cargo, unha vez teñamos o escrito tomaremos as medidas de seguridade axeitadas.

Continúa respondendo a pregunta sobre porque a praza do AEDL non estaba contemplada na RPT, explica que non é un posto estrutural, depende dunha subvención mentras a concedan estará contemplada no momento en que non sexa concedida pois non.

En canto o nome do arrendador que aparece na resolución 513/17 e porque e unha persoa maior de idade o do menor é o que hai que protexer, de todas formas non se esta facendo público o nome do arrendador, o expediente o teñen os grupos políticos é cuestión deles salvaguardar a identidade.

Intervén a Sra. Seijas Díaz dicindo que antes en todas as resolucións viñan as iniciais e o DNI agora non, non sabemos a quen se lle dan esas axudas.

Toma a palabra novamente o Alcalde dicindo que neste caso o arrendador e o beneficiario indirecto porque a axuda repercute no propietario, pero que esta axuda é para o inquilino para que non se desahucie a unha familia.

Intervén novamente o Alcalde dicindo que en canto as averías de alumeadado público toman nota para dar traslado a empresa de mantemento.

Continúa o Alcalde preguntando o Sr. Vilar Rico porque non había luz na Avda. Federico Garcia Expósito e San Xosé.

Responde a Sr. Vilar Rico que en teoría quedaba listo onte.

Intervén a Sra. Seijas Díaz, respondendo que non, que a transversal fai un mes que non ten luz.

Toma a palabra o Alcalde dicindo que é normal porque están a acometer unha obra había un cable roto e estaban arreglando.

Intervén a Sra. Seijas Díaz reiterándose novamente tres farolas con luz unha sen luz, a de atrás leva un mes sin luz.

Toma a palabra o Sr. Vilar Rico dicindo que onte pasou por alí e que había luz no Mazote.

Intervén novamente a Sra. Seijas Díaz dicindo que no Mazote na transversal non, que leva un mes sin luz, e a da praza donde ela vive tampouco funciona, porque está engachada ao Mazote.

Responde o Alcalde dicindo que é unha praza privada, que esto foi cousa do goberno do PP e que basta con que viva el alí para que no faga actuación ningunha.

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz dicindo que foi porque estaba o baixo do concello.



Responde o Alcalde dicindo que eso non ten nada que ver, que por ter un baixo o concello non temos porque pagar a luz da praza, será o que diga a escritura de constitución da comunidade de propietarios.

Toma a palabra a Sra. Seijas Díaz preguntando que di a escritura.

Intervén o Alcalde dicindo que o sabra ela e o seu alcalde.

Responde a Sra. Seijas Díaz dicindo que por desgracia ou por fortuna o seu Alcalde e el.

Toma a palabra o Alcalde explicando que el tamén é propietario dun piso e non por eso ten que pagar a luz.

Responde a Sra. Seijas Díaz dicindo que eso foi iniciativa dun concelleiro do PSOE.

Toma a palabra o Alcalde dicindo que non sabe de quen foi iniciativa pero del non, en ese momento non gobernaba.

Responde o Sr. Vilar Rico dicindo que en teoría debería de quedar listo onte.

Intervén novamente o Alcalde concluindo que todo e da mesma avería.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e nove minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

